Wikipedia

Bislama

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **Bislama** é unha lingua crioula melanesia falada principalmente en Vanuatu. Ademais é unha das linguas oficiais xunto co inglés e o francés. É a lingua principal de moitos dos *ni-Vanuatu Urbanos* (os que viven en Port Vila e Luganville), e a segunda lingua para o resto dos habitantes do país.

Bislama	
Falado en:	Vanuatu
Rexións:	Europa
Total de falantes:	10.000 200.000 (como segunda lingua)
Posición:	non está entre as 100 maiores
Familia:	Inglés crioulo Pacífico **Bislama**
Escrita:	latina
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Vanuatu
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`bi`
ISO 639-2:	`bis`
ISO 639-3:	`bis (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=bis)`



O bislama é unha mestura de palabras do inglés, francés e as linguas aboríxes das familias do norte, centro e sur do arquipélago, cunha sintaxe máis parecida a unha lingua de Vanuatu.

Está moi relacionado co tok pisin de Papúa Nova Guinea, o Pijin das illas Salomón e o broken do Estreito de Torres en Australia.

O himno nacional, Yumi, Yumi, Yumi, está escrito en bislama.

Historia

Milleiros de ni-Vanuatu foron recrutados para traballar en Queensland, Australia, así como nas plantacións de Fiji entre 1870 e 1880. Coas linguaxes que se falaban nestas plantacións creouse un pidgin.

A orixe do nome

A orixe do Bislama, antes chamado *Bichelama*, provén do século XIX coa palabra "Beach-la-mar" do francés "bêche de mer", cogombro de mar. A mediados dese século, os cogombros de mar foron colleitados e secados, ó mesmo tempo que os sándalos foron colleitados. O nome vén asociado coa clase de pigdin que usaron os traballadores, tanto por eles mesmos como polos habitantes británicos.



Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Bislama&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.

Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.



Existe unha versión da Wikipedia en ***Bislama***